

PROPOSTA PARA UNIVERSIDADES DE GALICIA DECLARACIÓN DO ESTADO DE EMERXENCIA CLIMÁTICA

O pasado 26 de xuño, neste mesmo Paraninfo reuníronse o presente Reitor, o Conselleiro de Cultura, Educación, a Conselleira de Medio Ambiente e a directora do Campus de Sustentabilidade para realizar o lanzamento de dito campus, citando as *Memorias de actividades de especialización de planos estratéxicos asociados*:

*“Este campus nace como resposta aos **retos ambientais, sociais e económicos** aos que a universidade “non pode estar allea”, e como plataforma para posicionar á UDC na vangarda do coñecemento, segundo verbas da directora do campus, Adina Dumitru.*

A través do Campus, apélase á transformación das comunidades, da tecnoloxía e da gobernanza que haberán que impulsar na transición cara a sustentabilidade. A universidade ten un importantísimo rol á hora de decidir as traxectorias e os métodos, por onde transitar e como, necesitará a científicos, pero tamén á poboación e aos actores sociais, tanto como novas formas de relacionarse e traballar baixo principios de coxeneración de coñecemento, transdisciplinariedade e innovación creadora.”

Como parte do equipo de Coordinación e Organización en Coruña-Ferrol no movemento Internacional Fridays For Future iniciado por Greta Thunberg o pasado agosto do 2018, e como participante activa nas actividades da OMA da UDC, quero presentar a seguinte proposta.

O pasado 7 de maio compañeiros do movemento en Cataluña conseguiron aprobar a declaración sobre o Estado de Emerxencia Climática na Universidade Politécnica de Catalunya, sendo a primeira de España. Seguindo á Universidade de Bristol e Newcastle que materializou a Declaración o pasado mes de abril.

Atopámonos, como todos sabedes, nun punto decisivo para o futuro das próximas xeracións, segundo o Informe do Panel Internacional sobre o Cambio Climático (IPCC), temos que reducir as emisións nun 45% as emisións de CO₂ para o ano 2030, e aproximarnos a un escenario de 0 emisións para o ano 2050, quedándonos 11 anos para limitar a subida de temperatura media global a 1'5°C en comparación cos niveis pre-industriais para frear as consecuencias, que, de non conseguilo repercutirían ó clima, a biodiversidade e á sociedade no seu conxunto. En dito Informe descríbense parte das posibles consecuencias ás que xa nos vemos afrontando, como é a acidificación dos océanos, a desertización dramática da superficie terrestre, así como a subida do nivel do mar, os cambios estacionais e de choivas, a extinción masiva de especies (da que xa falamos como a 6ª extinción) e o desprazamento de comunidades enteiras (a chamada crise migratoria e explosión demográfica).

Por todo o mencionado anteriormente, por todas as iniciativas que está levando a cabo esta nosa Universidade, por todas estas razóns científicas que nos alarman da necesidade dun cambio real, e sendo un movemento estudantil (aínda que tamén apoiado por numerosos colectivos e asociacións que nos axudan e comezan a medrar, como é o caso de Teachers For Future nas zonas de Santiago e Nais Polo Clima); cremos de gran importancia que a UDC se suba ao movemento e visibilice a Emerxencia Climática á que nos afrontamos, para xuntar esforzos e garantir unha sociedade sostible declarando tamén o Estado de Emerxencia Climática.

Queremos contribuír con esta declaración a situar o debate climático nas Universidades, e facer presión para que tamén sexa un punto clave, ao igual que a educación, nas axendas da política galega, española, xunto cos compañeiros do resto de universidades, no panorama Europeo e Internacional.

Firma:

María Bañón Goiriz por parte de Fridays For Future.